

## *Ignacio Ares de Parga. O pedagogo institucionalista\**

XOSÉ M. MALHEIRO GUTIÉRREZ

Ignacio Ares de Parga (Ourense, 1865 – Bos Aires, 1922), o pedagogo republicano que habería de impulsar o proxecto pedagóxico da *Unión Hispanoamericana Valle Miñor*, dedicou unha parte importante da súa vida á educación en América. A primeira etapa, netamente de formación nesa frutífera traxectoria, desenvólvese en Ourense, onde estuda a carreira de maxisterio na Escola Normal desa cidade, e continúa logo en Madrid, na Institución Libre de Enseñanza, para especializarse como profesor de Matemáticas.

Posteriormente, en 1885, trasládase á Arxentina, e alí comeza a segunda parte da súa vida profesional, que dedica ao maxisterio e á formación dos máis desfavorecidos, dentro da complexa sociedade que se estaba a conformar no país austral. Nesta etapa, Ares de Parga terá ocasión de poñer en práctica moitas das ideas gineanas, mais tamén será cando modele, coa experiencia docente que lle vai dar a escola arxentina, o esencial do seu pensamento pedagóxico.

Nel conflúen, por tanto, dous camiños diferentes, pero ao mesmo tempo complementarios. No plano teórico, a doutrina institucionalista, que recolle os ideais republicanos e cívicos, o afán rexeneracionista, e o pragmatismo pedagoxicamente reinterpretado por John Dewey. No plano práctico, enriquecese coa experiencia docente, que desenvolveu en institucións privadas como a Academia Británica (1886), ou públicas como profesor e membro do Consello Nacional de Educación (1890), até chegar a catedrático de Matemáticas; ou tamén institucións benéficas como a Escuela Industrial (1915), un centro orientado á formación de obreiros e inmigrantes que el mesmo fundou, e que máis tarde se chamaría Sociedad de Educación Industrial; ou, en fin, a Sección de Instrucción Primaria e as Escolas de Casa de Galicia que tamén se instauraron pola súa iniciativa en 1919.

A súa notable formación e a súa heteroxénea experiencia vanse plasmar, no seu conxunto, nunha serie de principios pedagóxicos e instrumentais que resumimos a continuación. Aparecen recollidos na súa obra *La escuela argentina. Puntos de vista educacionales*<sup>1</sup>, e nos diferentes traballos publicados na prensa galega da época<sup>2</sup>,

\* Este traballo forma parte da Tese de Doutoramento "Mobilización societaria, correntes de pensamento e escolas de emigrantes en Galicia durante o primeiro tercio do século XX: o protagonismo de Ignacio Ares de Parga e Antón Alonso Ríos" que foi defendida o 26 de novembro de 2003 baixo a dirección do profesor Dr. D. Antón Costa Rico.

tanto americana como peninsular. Entre todos, merece unha atención especial o feroso boletín que con esmero editou a *Unión Hispano Americana Valle Miñor* en Bos Aires entre 1909 e 1936. Os seus artigos nesta publicación coinciden coa etapa como director do mesmo<sup>3</sup>, entre 1911 e 1915<sup>4</sup>.

Convén non esquecer, por outro lado, a súa pegada como impulsor de proxectos corporativos no eido do asociacionismo docente, en concreto de dúas organizacións: “El Magisterio. Asociación de protección mutua” e “Asociación Pro-Maestros de Escuela”. A elas dedícalle amplas páxinas no seu libro *La Escuela Argentina...* xa mencionado, nas que reivindica a valoración e dignificación profesional da figura do mestre.

## PRINCIPIOS PEDAGÓGICOS

### 1. A EDUCACIÓN DEBE SER UN INSTRUMENTO DE REXENERACIÓN SOCIAL

Para Ares de Parga, e en xeral para o institucionalismo, o sistema educativo tiña que asumir a comezos do século XX un proceso rexenerador capaz de levar un cambio estrutural á sociedade. A función social da escola, convertida como el mesmo indica no “gran laboratorio” da reforma nacional, consistía en transformar “no sólo el alma de mañana, sino el espíritu mismo del momento actual”<sup>5</sup>, porque

¿A qué obra más digna y remuneradora debe prestar atención la sociedad, cuando se trata de afirmar sobre bases sólidas su existencia actual, definiendo el futuro? Sea, pues, ella, la directamente encargada de dar satisfacción a sus propios anhelos distribuyendo a manos llenas la regeneradora cultura<sup>6</sup>.

Esta renovación atinxía á propia Administración, que partindo do Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes, había pasar polas escolas normais e as xuntas de instrucción até acabar na última escola rural: “el espíritu de reforma, radical e inmediata, debe encarnarse en las esferas oficiales, en la dirección de la cultura nacional”<sup>7</sup> grazas a un proxecto escolar extensivo que abarcara desde o ensino primario até as ensinanzas profesionais, pasando por escolas de adultos –como as que el mesmo axudou a crear–, plans de alfabetización, etc. É deste xeito como debe resolverse o que el denomina “problema de la vida nacional”, en clara referencia á corrupción política e o abandono das responsabilidades contraídas coa cidadanía. Habería de integrar o plano moral, o desenvolvemento económico e a xustiza social:

Dentro de las diversas enseñanzas que la escuela da, ha de desprenderse una lección más provechosa, que no se traduce por una nueva condición artificial. Esta lección y este espíritu, han de ser los que emanen del espectáculo de la labor humana, que crea entre los hombres todos, un firme lazo de solidaridad y simpatía<sup>8</sup>.

A educación popular extensiva representaba a emancipación do pobo porque adoitaba ser o antídoto máis eficaz contra a desigualdade, a marxinação e a inestabilidade social. Un pobo instruído, afirmaba, séntese capaz de transformar en

positivo unha realidade, pois coñece e utiliza os instrumentos de organización para esixir lexitimamente os cambios necesarios. Por iso, concibe a escola como unha forxa “de hombres bien dispuestos para una acción fecunda y regeneradora”<sup>9</sup>.

Na liña do discurso reformista, enmarcado no sistema educativo finisecular, alude con frecuencia ao modelo da *Institución Libre de Enseñanza*: un movemento pedagóxico renovador que cumpría propagar a través das institucións educativas. E menciona aos seus integrantes, moitos deles amigos persoais, como Rafael Altamira e Adolfo Posada, aos que acolleu en Bos Aires nas súas respectivas viaxes, en 1909 e 1911<sup>10</sup>. Altamira, por exemplo, mantén contactos coa *UHAVM* en 1910, para informarse do plan de estudos da Escola Americana, á que solicita “programas y prospectos, así como cualquier otra explicación” conducente a ampliar a información que xa posúe “para aprovechar el ejemplo de Ramalloza en los planes de escuelas de emigrantes que ahora me ocupan”<sup>11</sup>.

Convén non esquecer, por outro lado, a Antonio Atienza, outro institucionista exiliado na Argentina con quen compartiu responsabilidades no Consello Nacional de Educación; ou Rafael M<sup>a</sup> de Labra, co que mantivo unha notable correspondencia parcialmente perdida<sup>12</sup>. Ares de Parga afirmaba que, coa súa “prédica incesante”, todos eles amosaban estar “plenamente convencidos de que el ambiente espiritual y el ideal moral del pueblo se generan en la función social de la escuela” e o exemplo daquel virtuoso e selecto espírito que dirixía a *ILE*, ofrecía “un acabado modelo de escuela ‘neutra’ y centro de cultura social”<sup>13</sup>.

Nesa mesma liña dedica, de xeito particular, afectuosos cualificativos a quen fora o seu mestre, Francisco Giner, o seu modelo do compromiso pedagóxico e da rectitude moral:

Tal fue la ‘Institución Libre de Enseñanza’ que desde sus comienzos, en 1876, no ha cesado de recibir las inspiraciones del gran Giner de los Ríos, el tipo ideal del verdadero maestro, en quien se aúnan de manera admirable todas las características del apóstol de la educación, doblemente humilde, modestamente sabio, natural, sugestivo y elocuente en la cátedra, en la conversación y en la tribuna del conferenciante, de ingénita amabilidad, laborioso y metódico, el alma de la Casa<sup>14</sup>.

## 2. A EDUCACIÓN DEBE DESENVOLVER UNHA CONCIENCIA ÉTICA DE CARÁCTER INDIVIDUAL

Unha conciencia que se forma estimulando no alumnado o uso da razón fronte ao que el denomina “idealismo educacional”, é dicir, a docencia tradicional, formada e sostida por “dogmas y futezas anacrónicas, [...] donde todavía no se ha reemplazado la férula y el dictado del magister por la libertad racional, el estudio de la Naturaleza, el culto a la verdad, al bien, al trabajo, a la justicia y a la espontánea y natural manifestación del pensamiento”<sup>15</sup>.

Ares de Parga desaconsellaba adoptar esquemas ríxidos no proceso de ensino-aprendizaxe, porque limitaban a liberdade do individuo. Afirmaba que o autoritarismo, tan estendido nas vellas escolas, anulaba a vontade do neno até transformalo “en un pequeño ser insoportable, que posee un egoísmo personal feroz, incapacitándolo para dar un solo paso sin ser dirigido”<sup>16</sup>. E criticaba, en concreto, os modos excesivamente autoritarios que se daban nos recintos escolares. Por exemplo, as for-

macións nos patios de recreo antes de comezar as clases; ou a aplicación de castigos e outras medidas represoras para manter a orde nas aulas.

El niño que se siente sometido a una vigilancia de todos los instantes, se ve a mantenerse siempre en guardia; principio de desconfianza que es uno de los más peligrosos de la educación, porque lleva a la compresión y a la opresión; és el que produce los pasivos y los esclavos, los rebeldes y los traviesos, que escapan siempre a la vigilancia, desafiándola o engañándola, y que cuando el niño no la siente a su alrededor cree que todo le está permitido<sup>17</sup>.

Engade por outro lado que, na escola, o mestre non pode impoñer o seu carácter, senón que debe desenvolver a personalidade do alumno, “lo que sólo se consigue cultivando la voluntad y el esfuerzo propio, puesto que ese esfuerzo es el que pone de manifiesto la personalidad humana y da la medida del propio valer”<sup>18</sup>, a reflexo dos dictados da Escola Nova.

Outro asunto que tamén suscitou o seu interese, como en xeral ao movemento reformista da *ILE*, foi o sistema de premios e castigos. Para el, os premios incentivan a competencia, mentres os castigos estimulan a hipocrísia, e o neno deixa de actuar segundo criterios naturais, mediatízase a súa propia vontade e manipúlase a súa percepción da responsabilidade, tanto individual como colectiva.

Así e todo, as súas teorías non sempre foron aplicadas segundo o seu criterio na “Escuela Americana”. Así aconteceu, por exemplo, co Batallón escolar, ou coa entrega de premios ao inicio de cada curso. A formación do Batallón Escolar, máis tarde transformado en Corpo de Exploradores, reflicte a influencia da escola arxentina como instrumento para afuizar actitudes de orde, disciplina e respecto ás xerarquías entre os escolares, baixo o pretexto de gabar “la idea siempre grande, siempre hermosa de la Patria”<sup>19</sup>. O Batallón Escolar, que participa en todos os actos escolares cos grupos de tambores e cornetas, acaba transformándose, máis tarde, no Grupo de Exploradores ou *Boy Scouts*, “más en consonancia con los modernos métodos pedagógicos”<sup>20</sup>, como acaba recoñecendo Eladio Ferreiro. Esta nova orientación abandonaba o espírito militar para potenciar entre o alumnado o sentido de investigación no medio mediante saídas e excursións, a educación na natureza e outros valores sociais.

Por outro lado, Eladio Ferreiro, como tamén Ares de Parga, máis preocupados polo aspecto pedagóxico, consideraban que o reparto de premios e outras recompensas materiais –“golosinas, dinero, y cuantos objetos por su valor despierten sentimientos interesados, como igualmente las medallas, bandas, lazos y otras condecoraciones, que además de ridículas, suponen un dinero gastado inutilmente”– debían ser rexeitadas nas aulas<sup>21</sup>. Con todo, a súa práctica foi habitual na Escola Americana sen que o director da institución puidera evitalo. A Comisión Directiva, a quen, comprensiblemente, tamén preocupaba a propaganda e a imaxe da Institución, tiña por costume promover un acto solemne, coincidindo co inicio de cada curso, no que se entregaban recompensas económicas, ou obxectos de valor, aos alumnos máis sobresaíntes do curso anterior. Ademais, algúns socios ou simpatizantes contribuían a manter este costume mediante a doazón de obxectos variados, en canto ao seu valor ou natureza, que eran destinados a premios. Incluso se chegan a instituír premios que levan o nome do seu doante, como

é o caso de Manuel Lemos, presidente e un dos máximos benfeitores da Escola Americana.

3. O RESPECTO Á LIBRE CONCIENCIA INDIVIDUAL ESIXE A NEUTRALIDADE RELIXIOSA DA EDUCACIÓN, SEN QUE ISTO IMPLIQUE UN COMPROMISO EXPLÍCITO CO LAICISMO

Ares de Parga comeza por establecer diferencias entre o que el denomina *laicismo* e *sectarismo*. O modelo laico da escola arxentina aspiraba a formar un estado social no que os seus membros tiveran conciencia plena da vida democrática. Era un obxectivo que cumpría conseguir grazas á “armónica concordancia de elementos educativos, que sepa rendir culto a la verdad y a la justicia”<sup>22</sup>. En efecto, a comunidade educativa debía actuar unida a prol dos valores democráticos. Ademais, debía contarse “con el poderoso estímulo de la dignificación personal, por medio del trabajo intensivo lleno de amor entrañable al progreso público”. En sentido oposto, o *sectarismo* implicaba a imposición arbitraria de dogmas e afirmacións contrarias á razón e á libre opción persoal. Daquela, o laicismo postúlase como unha corrente “donde no se rinde culto a ningún fanatismo y donde menos se pueden inspirar doctrinas atentatorias al orden social y a la amplia libertad de conciencia. Su única religión es la del patriotismo, de la verdad y de la justicia”<sup>23</sup>.

Ares de Parga aposta por un modelo de ensino no que cada individuo ten reservado un papel “orixinal” e insubstituíble; onde cada quen expresa o seu espírito profundamente libre, sendo capaz de actuar segundo os seus propios principios. E pon como exemplo o modelo escolar arxentino, que define como “laico, racional y democrático”:

la escuela argentina, laica en el más amplio sentido, respetando, desde las primeras iniciaciones de la enseñanza, la libre exposición del pensamiento original y espontáneo, no pretende trazar líneas que corten o desvien definitivamente el curso de la evolución iniciada en las grandes colectividades modernas, cual se ha dicho al definir los rumbos de la nueva pedagogía<sup>24</sup>.

Advirte, ademais, do risco de confundir o laicismo co anticlericalismo, e o racionalismo co anticatolicismo. Para evitar interpretacións interesadas, aclara que “la escuela laica es respetuosa con todas las creencias; estimuladora, amplia, sin sectarismos de ninguna clase y sin dictados ‘ex-cátedra’. En ella se muestra constantemente abierto el gran libro de la Naturaleza”<sup>25</sup>, pois, como predicaba Krause, a tendencia natural do individuo é a liberdade de conciencia e a convivencia aberta e tolerante<sup>26</sup>. E cita ao seu mestre Giner, quizais evocando o seu paso pola Institución, para explicar cómo se senten os alumnos cando nas aulas cada quen participa libremente, e se adaptan os dictados da ensinanza aos seus intereses: “Vedlos, excitados en su propia, espontánea iniciativa, por la conciencia de si mismos, porque sienten que ya son algo en el mundo, y que no es pecado tener individualidad”<sup>27</sup>.

4. NO FIN DE TODA PEDAGOXÍA DEBE PRIMAR A EDUCACIÓN FRONTE Á INSTRUCCIÓN

Para Ares de Parga existe unha diferenza substancial entre ambos os conceptos. Mentres a *instrucción* só persegue difundir coñecementos, a educación, nun sentido máis



Ares de Parga visitou a Escola Americana en 1921. Aquí aparece cun grupo de nenas e a profesora Julia Solá.

profundo e transcendente, propónse formar homes e mulleres socialmente aptos para vivir na comunidade: “la educación ha de preparar al hombre para la vida social, con un ideal moral de orden elevado”<sup>28</sup>. Asegura, neste sentido, que é con referencias concretas como mellor se amosa a transcendencia da educación infantil; con novos xeitos de entender o ensino, que lle esixan á escola “algo más que un fin particular, en el sentido de ‘formar facultades con mecánica

transmisión de conocimientos”<sup>29</sup>. E salientaba a emerxencia dunha nova corrente pedagóxica denominada “escola nova”, que se afastaba dos esquemas ríxidos, uniformizadores e autoritarios, para acoller as múltiples tendencias que debían cohabitar na institución educativa; fronte á rixidez ideolóxica tradicional, onde o libre pensamento e a racionalidade científica eran abafados polas verdades dogmáticas, a Escola Nova “repudia los viejos sistemas dirigidos a estimular el sentimiento [religioso], bajo las más interesadas formas” para crear un novo modelo adaptado ás necesidades e concepcións do mundo burgués liberal, seguindo os diferentes camiños que marcaron a pedagoga italiana María Montessori, o educador e psicólogo belga Ovide Déroly, o pedagogo e filósofo americano John Dewey ou o tamén psicólogo William James entre outros, dos que o institucionista recibe notables influencias nas que non nos imos estender aquí.

##### 5. A EDUCACIÓN PROPOSTA DEBE SER INTEGRAL, CONTINUA E SEN FISURAS

Ares de Parga sostén que a educación debía perseguir a perfección humana, “por el desarrollo armonioso y amplio de todas las facultades; y para lograrlo, ha de dar amplísimo margen al esfuerzo propio del niño, a su pensamiento, a su trabajo, a su acción perseverante, sin cuyo requisito no formaremos jamás al intelectual de buena cepa y menos el tipo de ciudadano que necesita el país”<sup>30</sup>. Refírese ao modelo arxentino, e cita a Ernesto A. Bavio, secretario xeral de Ensino Normal na altura, para indicar que “la escuela de nuestros días, en consonancia con la evolución operada por la sociedad, requiere un plan de instrucción intelectual, física y moral, de más vastas proyecciones”.

Para o pedagogo, a educación é a responsable de modelar o individuo nunha triple dimensión que abrangue o individual, o social e o universal. No plano individual, cumpría implantar un modelo “que tienda a enseñar al individuo a gobernarse por si mismo, a despertar en su corazón sentimientos de solidaridad y de justicia, a rendir culto al cumplimiento del deber y a tener plena conciencia de la responsabilidad de sus actos”<sup>31</sup>. No plano social, era preciso educar ao neno de maneira

que “no sea extraño a la cultura de su época y de la sociedad en que vive”<sup>32</sup>. Por último, atendiendo á dimensión universal, tratábase de “no quebrantar las leyes naturales de unidad, variedad y progreso, dentro de los tres fines más generales de la vida: física, moral e intelectual”<sup>33</sup>. Ares de Parga sintetiza, en fin, no seguinte párrafo o seu concepto de educación integral:

Desarrollo de las facultades morales tendiendo a formar el carácter personal y colectivo; educación física y metódica, para regularizar las funciones, para desarrollar y vigorizar los músculos, para hacer el hombre fuerte y sano; cultura intelectual, gradual e intensiva.<sup>34</sup>

#### 6. O PROCESO DE ENSINO DEBE SER PRÁCTICO E FUNCIONAL

Respecto ao principio de actividade, Ares de Parga conectaba directamente coa filosofía da Escola Nova, como xa se viu, de onde derivou o nome de escola *activa*. O pedagogo institucionalista era partidario de que a actividade nos centros educativos debía entrar de cheo no campo da experimentación<sup>35</sup>: “Hay que investigar la naturaleza con la naturaleza por base” porque, “en toda enseñanza es la propia labor del alumno la que ofrece resultados más provechosos y positivos”. Cumpría deixarlle facer ao neno, darlle ocasións de que produza; de que exteriorice as ideas que a escola lle infunde; de que cree e de que aplique a súa natural tendencia á actividade, á manipulación, á experimentación, para estimular a súa curiosidade, as ganas de coñecer, de razoar... na liña máis decrolyana.

Na escola débese cultivar “la facultad adquisitiva y el poder de percibir, de sentir, de imaginar, de recordar, de pensar por si mismo, de tener iniciativas y de dar solución acertada a las cuestiones que se presenten”. Pero para aplicar este modelo cumpría desterrar o que el denomina ‘verbalismo’ –“las conferencias de mera exposición y las disertaciones orales del maestro no despiertan verdadero interés en los alumnos, especialmente en las primeras secciones”<sup>36</sup>– e os métodos netamente librecos<sup>37</sup>, senón a través da observación, a investigación e a experimentación persoal:

no es el alumno –no debe ser– un pasivo receptáculo, más o menos asimilador, de enseñanza meramente teórica, indiscernida, impuesta por férula de dómine, en la estrictez de un programa cerrado sin formulismo metódico. Hoy la escuela es laboratorio de acción, movimiento, donde los alumnos son colaboradores activos de la obra escolar, que tanto se dignifica y hace más real su labor conjunta<sup>38</sup>.

Era necesario, por tanto, o contacto do neno coa realidade viva, para desenvolver o seu propio proceso, cognitivo e emocional. E, ao mesmo tempo, mediante o que el denomina “contacto socrático co mestre”, facer deste o *parteiro*<sup>39</sup> dos coñecementos do alumno. Ares de Parga cita a Ernestina A. López, directora da emblemática escola “Sarmiento”<sup>40</sup> da capital porteña para afirmar que

para que la educación primaria pueda llenar su fin, necesita evolucionar en el sentido de ser más práctica que discursiva. Entiendo decir con esto que ha de atender más bien a que el niño exteriorice sus ideas que a que llene su memo-

ría con palabras que no tienen sentido, sino a condición de responder a fenómenos observados y constatados por el niño. En tal sentido debe siempre darse a la enseñanza de los diferentes ramos, una base racional y científica, e incorporarse a todos ellos la labor manual que les da vida y forma tangible<sup>41</sup>.

## PRINCIPIOS INSTRUMENTAIS

### 1. ADOPCIÓN DO MODELO ARXENTINO

Como xa se viu, Ares de Parga refírese con frecuencia nos seus traballos ao sistema educativo arxentino. A escola arxentina posúe para el unhas manifestacións peculiares que denotan a vitalidade e o dinamismo dunha nación nova, puxante e profundamente preocupada pola educación dos seus cidadáns,

que se manifiesta con caracteres propios y con orientación educadora en un organismo social de formación compleja, que se inspira constantemente en todo lo que importa adelanto educacional, sin restricciones, desde la misma reglamentación oficial que rige su funcionamiento metódico, donde su función educativa es renovadora, creadora de un sentimiento uniforme, colectivo, nacional<sup>42</sup>.

Recollendo ideas que o pedagogo plasmou nalgúns traballos, atopamos varias referencias sobre este asunto. En primeiro lugar, o seu ideal de escola, que aspira a ser a prolongación do fogar, onde “la madre y la maestra se identifiquen más, puesto que tienen unidad de propósitos y que la madre eche un puente que, salvando el foso, una el hogar con la escuela, que debe ser su propia imagen”<sup>43</sup>.

En segundo lugar, resalta a sensibilidade das instancias educativas arxentinas cara aos máis desfavorecidos, e pon como exemplo as escolas para nenos débiles creadas polo Consello Nacional de Educación, a cargo da Dirección de Ensino Primario:

al aire libre, en amplios parques, en contacto íntimo con la Naturaleza, en un medio vivificante de luz y de sol y con especiales sistemas educativos a base de enseñanza integral; y donde además, se atiende materialmente a la regular y metódica satisfacción fisiológica<sup>44</sup>.

En terceiro lugar, gaba a unánime preocupación da sociedade arxentina desde todas as instancias, e en concreto define o seu modelo lexislativo como un instrumento útil ao servizo da articulación educativa: “Sugestivo aliciente para la acción de todas las clases sociales a favor de la obra escolar”<sup>45</sup>. Menciona a fundación de sociedades cooperativas de educación, asociacións de veciños e ‘comisións de damas’, que desde a iniciativa particular “realizan la digna y patriótica misión de colaborar con el Estado a la instrucción pública”, promovendo a asistencia de alumnos ás escolas, sostendo centros de instrución para obreiros, formando bibliotecas e museos escolares; repartindo periodicamente vestido e útiles a nenos necesitados, “coo-



perando al mayor brillo de los actos públicos escolares y conmemoraciones patrióticas, y creando por fin, de manera tangible, poderosos vínculos de afecto e interés recíproco entre hogar y escuela”. Unha acción que, inspirada no modelo arxentino, levou a cabo, tamén, de xeito tan eficaz, a *Unión Hispano-Americana* no Val Miñor.

Ademais, Ares de Parga concedía unha gran importancia ás minorías sociais. Afirmaba que a escola debía ser un elemento integrador, poñendo énfase no coñecemento da historia e as raíces nacionais. A súa metodoloxía debía desenvolverse mediante “excursiones a los parajes, edificios, museos históricos y paseos donde se haya levantado estatuas y monumentos”<sup>46</sup>. Refírese, por exemplo, á celebración do día da árbore, e cita o seu mestre Giner para reforzar o significado dun acto fermoso cheo de simbolismo: “plantar un árbol es como señalar al cielo en busca de esperanza y eso significa, hecho por los niños, que son la esperanza de la patria”<sup>47</sup>.

## 2. CONEXIÓN ENTRE A ESCOLA E A SOCIEDADE

A escola estaba chamada a desenvolver unha función educadora máis alá do recinto físico. Ares de Parga considera esencial que participe na dinámica social, mediante a celebración de diversos actos públicos relacionados co mundo do ensino, “medida esencialmente eficaz para promover una mayor e íntima vinculación entre el hogar y la familia, haciendo más amplia la labor educacional”<sup>48</sup>.

Para o seu modelo escolar, que define como social e neutro<sup>49</sup>, propón un radio de acción máis extenso e transcendental: a escola debe proxectarse cara ao exterior a través do propio alumno, para que este sexa un axente transformador activo. E alí onde vive, e convive, espalle os dictados da propia institución conforme a un determinado modelo social. A escola tiña, por tanto, que centrar a súa acción

dirixíndose al alumno ciudadano y al contingente de alumnos que incesantemente se renueva, para que su acción ejerza positiva influencia en el hogar, en la familia, en la colectividad y en el espíritu público, fundiendo el alma nacional en la comunión de sentimientos y solidaridad de afectos que hacen intangible el supremo ideal de la Patria<sup>50</sup>.

Con respecto á súa dinámica interna, Ares de Parga promove unha nova pedagogía, tanto na forma como no fondo. Era preciso construír espazos escolares libres de barreiras físicas e metodolóxicas, para facilitar a comunicación entre os participantes. Espazos democráticos e participativos, nos que se destine un papel activo a todos os elementos que integran o proceso, comezando polos estudantes, “que deben tener también su representación allí donde sus condiciones de aptitud lo hicieren posible, para bien de la enseñanza y aun de la Ciencia misma”. Aclara tamén que a súa resistencia a aceptar esta participación non debía carrexar, en ningún caso, a privación nin a diminución dos dereitos que lles reconece e asegura a lei.

## 3. TRANSCENDENCIA DA FUNCIÓN DOCENTE

Como teórico da educación e mestre en activo, Ares de Parga defende a organización dun cadro docente adaptado ás esixencias dun novo momento histórico. No

plano individual, o profesor debía ser unha persoa aberta, tolerante, entregada ao seu labor; capaz de desenvolver unha acción pedagóxica, ante todo “insinuante, alentadora y dirigente a favor de toda suerte de iniciativas, en la obra de cultura general que debe realizar la escuela”<sup>51</sup>. E, lonxe doutros modelos nos que se impón a rutina e a cultura memorística, considera que “entre las buenas obras del maestro, la mejor y la que más influye en el porvenir del alumno es la de habituarlo a que aprenda por esfuerzo propio; porque lo aprendido de este modo es lo único que vale y perdura”<sup>52</sup>.

Consciente do escaso recoñecemento que recibían os profesores, comparado co que gozaban noutras sociedades máis avanzadas de Europa ou América, Ares de Parga reivindica unha maior consideración, acorde coa transcendencia social do seu labor: “El maestro debe ser colmado de los más altos prestigios, justicieramente considerado en su altísima labor y ungido de legítimo orgullo por la obra de intenso patriotismo que realiza”<sup>53</sup>.

Propón elevar o status do ensino primario<sup>54</sup> a carreira universitaria; aposta pola dignificación docente a través de salarios axeitados, ascensos directos e aumento progresivo “por períodos de años de servicio”; que aseguren “la inamovilidad del maestro en el desempeño de su delicado cargo, expuesto a múltiples y no bien determinadas circunstancias, siquiera ajenas a su aptitud profesional, al interés y perseverancia en la labor docente o a la personalidad moral del educador”.

Así mesmo, defende o dereito de asociación, “que es una fuerza positiva de acción mancomunada en todos los gremios y se manifiesta de manera digna y eficaz entre los maestros de instrucción primaria”<sup>55</sup>, porque a función social que desempeña o docente “impone a los poderes públicos el deber de asegurar su condición, protegiendo sus intereses materiales y morales”<sup>56</sup>.

#### 4. DISEÑO DUN PLAN DE ESTUDOS

Como xa se indicou, Ares de Parga desenvolve a meirande parte da súa carreira no ensino oficial arxentino. A el se refire en numerosas ocasións, destacando o que considera máis salientable. Así, ademais do que xa se viu en páxinas anteriores, agora, de xeito concreto recóllense algunhas referencias ás materias e o seu tratamento na aula, que ademais aconsellou implantar, na medida do posible, na Escola Americana no Val Miñor. Era partidario dun plan obrigatorio e universal, consecuente cos seguintes fins:

- 1º. La educación ha de ajustarse a las leyes que rigen la naturaleza humana.
- 2º. La educación debe tener en cuenta el desenvolvimiento físico y mental de los alumnos.
- 3º. La educación debe ser graduada y completa.
- 4º. La educación ha de preparar al hombre para la vida social, con un ideal moral de orden elevado.

O sistema de ensino debía estar dividido en varios bloques que, ademais doutras vantaxes, “facilita grandemente la distribución horaria”<sup>57</sup>. En primeiro lugar, un grupo formado polo que el denomina estudos reais, con materias de carácter expe-

rimental ou “de aplicación en la enseñanza objetiva”, abrangendo “los distintos ramos que estudian la Naturaleza”. Entre eles as ciencias naturais e físico-químicas, que acollerían nocións prácticas de ensinanzas ilustradas e experimentais<sup>58</sup>, e a Xeografía, especializada no estudo económico do país, nos seus centros de produción agrícola e gandeira, aproveitamento e explotación de materias primas, etc.

En segundo lugar, o bloque dos *estudos formais*, que comprendería “los ramos que sirven como medio de expresión, que proporcionan la forma para expresar o exteriorizar los conocimientos”<sup>59</sup>, a saber: lectura e escritura, linguaxe, incluíndo conversacións coloquiais e cultas, redaccións e composicións orais e escritas; o debuxo como ensinanza libre e especializada, no que se tratarían o debuxo de ornamentación, liñal e arquitectónico aplicados ás diversas artes, e a música, con cancións populares e cantos patrióticos.

En terceiro lugar, a Aritmética e a Xeometría, englobando coñecementos relacionados cos cálculos matemáticos comúns e as catro operacións básicas, ademais de medición de lonxitudes, superficies e volumes mediante a aplicación e resolución de problemas sobre cuestións prácticas<sup>60</sup> de xeito metódico e gradual; cálculo mental rápido sobre operacións xerais e solución de sinxelos problemas<sup>61</sup>.

Por outro lado, e sen necesidade de formaren un corpo á parte, estaban os coñecementos sobre a Historia Patria, destinados a “cultivar y robustecer el sentimiento de amor a la patria”. Incluirían nocións de historia nacional e coñecementos sobre Moral<sup>62</sup>, que el dividía en Educación Moral e Instrución Moral. A primeira “debe darse ocasionalmente, aprovechando las otras enseñanzas. Tiene influencia directa sobre todas las ocupaciones. En consecuencia, no puede ser materia de programa ni tener un lugar fijo en el programa”, avanzando o que hoxe denominariamos *materias transversais*. A segunda “ha de ser graduada y progresiva como las otras materias. Debe distribuirse convenientemente en los cursos y tener un lugar fijo en el horario”. O seu obxectivo era “espertar y fortalecer los sentimientos xenerosos, reprimir las inclinacións pelagrosas, cultivar la conciencia del niño y formar hábitos de conducta moral”.

Por último, a Educación Física, formada por xogos e exercicios libres, e exercicios ximnásticos; e o Traballo Manual, que comprendería “modelado con aplicaciónes a la enseñanza, labores de aguja y colleccións de plantas, flores, animais, minerales, etc., hechas por los niños”.

## Unión Hispano-Americana

VALLE MIÑOR

PUBLICACION MENSUAL

Dirección y Administración: MAIPU 17

Año VI Buenos Aires, Febrero de 1915 Núm. 65

### U. H. A. VALLE MIÑOR

Inspirada en un elevado propósito de difusión de cultura pública — y teniendo además en cuenta la desventajosa situación en que llega á estas playas la mayoría de la inmigración gallega, sin profesión ni oficio determinado y desconociendo por completo las condiciones geográficas y económicas de los países americanos — se fundó en Buenos Aires esta asociación, el día 5 de Enero de 1909, por un núcleo de miñoranos amantes de la educación popular, como base firme y segura para satisfacer el anhelo de progreso regional.

Completamente ajenos á toda cuestión política ó religiosa, se propone en primer término establecer en determinados puntos de Galicia — posiblemente con mayor extensión después — centros de educación é instrucción general, escuelas prácticas de artes y oficios, campos de experimentación agrícola, clases nocturnas para adultos, bibliotecas populares circulares, museos de productos nacionales y argentinos, conferencias de vulgarización científica y artística, etc., respondiendo á su programa de cultura amplia y de utilidad inmediata.

Funciona en el Valle Miñor, con el título de Escuela Americana, el primer establecimiento de este género, inaugurado el año 1909, al que concurren 400 niños de los Ayuntamientos de Nigrán, Bayona y Gondomar, y que ya se instaló en local

propio y adecuado, construído de acuerdo con el plano publicado en este Boletín, sobre un terreno de 10.500 metros cuadrados y con capacidad para 600 alumnos.

El programa de enseñanza comprende: *Educación intelectual* — Clases elementales y complementarias de instrucción general; cursos de ampliación, contabilidad teórico-práctica, nociones de física, química, agronomía, dibujo, francés y música; é historia y geografía argentina. Instrucción moral y cívica.

*Educación física* — Gimnasia racional, batallón escolar, juegos metodizados y libres, tiro al blanco, natación, excursiones cinegéticas.

*Educación práctica* — Campo de experimentación agrícola, excursiones escolares, sección de exploradores (boy-scout). Concurren además á las clases nocturnas, durante la estación favorable, 600 alumnos — término medio — jóvenes y adultos.

La asociación no es exclusiva. En el registro de socios figuran todas las regiones españolas y muchas americanas. Nuestros propósitos de cultura popular, en parte ya realizados, á todos interesan por igual. Se trata en primer lugar, de una obra convenientemente patriótica y de intimidad hispano-argentina.

El boletín se distribuye gratuitamente á los señores socios.

Secretaría: MAIPU 17

Portada do Boletín nº 65 da Unión Hispano-Americana Valle Miñor, de febreiro de 1915, que deu inicio á etapa de Ares de Parga como director da publicación.

Con respecto ao sistema de avaliación, Ares de Parga descarta a celebración de exames criticando o seu “inadecuado formulismo”. Ademais, a “estrictéz limitadísima de compulsas de cuestionario” non garantía a necesaria obxectividade. Por iso, anticipándose ao seu tempo, propón unha avaliación continua e integral, atendendo outros aspectos que van máis alá dos meramente cognitivos, “lo que tan sólo es dado a la observación continua y perseverante del maestro, del educador, atento a la labor real del alumno para clasificar<sup>63</sup> el resultado de la obra educativa, que debe ser de fondo, intensa e integralmente dirigida a las facultades todas, al corazón, al sentimiento, a la mente, a la voluntad y al carácter”<sup>64</sup>.

##### 5. A INTERVENCIÓN POPULAR NA EDUCACIÓN, O LABOR DOS INMIGRANTES E A EDUCACIÓN DE ADULTOS

Ares de Parga era partidario de que a propia sociedade, a través do que el denomina “acción popular”, artellara respostas imaxinativas á súa necesidade sentida de instrución. No marco desa acción popular, o Estado debía exercer un papel de tutela e orientarse na liña da cooperación, porque como el mesmo se interroga, “¿qué política pedagógica debe hacerse, si no cabe esperar la acción del oficialismo en cuestiones que a la sociedad corresponden resolver y realizar, y que a ella afectan de esencial manera?”<sup>65</sup>. A cuestión educativa debía representar unha prioridade dentro da acción do Goberno, e o Estado debía orientar as liñas mestras e, ao mesmo tempo, apoiar todos os movementos que colaborasen coa educación pública.

Pero a relación cooperativa entre o poder público e a iniciativa privada ou popular debía canalizarse de maneira efectiva, tanto desde o punto de vista económico como pedagóxico. No plano económico, incorporando as partidas necesarias para ese fin dentro dos orzamentos que o goberno destinaba aos gastos de instrución; no plano pedagóxico, asesorando no terreo didáctico, organizativo e funcional mediante unhas xuntas patronais, elixidas polas asociacións veciñais promotoras.

En contrapartida, os proxectos educativos debían someterse aos controis que o Estado establecera sobre o seu funcionamento, tanto no eido económico como pedagóxico. Algo que parece lóxico por nutrirse en parte de fondos públicos; pero ademais porque toda experiencia escolar, pública ou privada, debía cingirse a criterios uniformes, capaces de garantir unha certa calidade e idénticas oportunidades de instrución para todos os seus participantes. Pero fiel ao seu espírito liberal observa que, nesa confluencia do público e o privado dentro da escola, cumpría preservar o principio de independencia ideolóxica, rexeitando calquera tentación intervencionista.

Un exemplo da iniciativa popular en materia educativa foron as chamadas ‘asociacións populares colaboradoras da educación’<sup>66</sup> promovidas desde o ámbito privado<sup>67</sup>, que representaron no seu conxunto un valioso aliado do Estado na promoción cultural e na cohesión social da nación arxentina, e viñan realizando o seu “plausible labor de difusión pedagógica”<sup>68</sup> desde varias décadas atrás. Xogaron, ademais, un interesante papel cooperando na extensión da rede escolar de ensino primario ao longo de todo o país nun momento en que a afluencia de inmigrantes europeos demandaba unha estrutura en materia educativa –instrución ou alugueiro de centros escolares, formación e contratación de persoal docente, deseño de pla-

nos de estudo, etc.,– que o propio Estado, dentro das súas limitacións, tiña dificultades para artellar.

## O LABOR DOS INMIGRANTES DENTRO DA ACCIÓN POPULAR

Ares de Parga vive próximo ás experiencias asociativas que as colectividade de inmigrantes levan a cabo na diáspora; ben como espectador, ou como activo participante. Non hai que esquecer que foi profesor da Academia Británica, formou parte, durante trinta anos, do maxisterio arxentino e desempeñou cargos no Consello Nacional de Educación, circunstancia que o coloca nunha óptica privilexiada para coñecer o panorama educativo do país austral. Pero ademais, como membro destacado da colectividade inmigrante, participou en varias iniciativas. Por exemplo, tomando parte na fundación do *Centro Republicano Español* en 1904; da sociedade de instrución *Unión Hispano-Americana pro Valle Miñor* en 1905; do *Centro de Estudos Hispano-Americanos* en 1912; da *Liga de Acción Gallega de Buenos Aires* en 1915, ou vencellado á *Casa de Galicia*<sup>69</sup> tamén por aqueles anos, onde ocupou postos de responsabilidade.

A súa militancia social concordaba coa confianza que tiña na capacidade do ser humano para defender “propósitos nobles y generosos”<sup>70</sup>, cando se daban as circunstancias favorables para que estes agromaran. Neste sentido, reconece o esforzo dos inmigrantes galegos para poñer a andar os seus proxectos –oportunidades de educación para os nenos e nenas que permanecían no mundo rural, modernización e progreso social a base de investimento e envío de remesas, apoio político aos movementos reformistas–, e asegura que as obras emprendidas na Terra eran o resultado da súa nobreza e xenerosidade. E a proxección das ditas obras cara a un futuro de esperanza transcendía ao propio valor material, pois todo ese potencial non debía medirse só en unidades económicas:

La contribución de los españoles emigrados a la obra de cultura popular española, hoy en plena florescencia en el viejo y querido solar, es, pues, afirmativa de un propósito de insospechable significación, y que acaso vale más que la letra de cambio, que el monto de pesetas producto del ahorro, cuanto produce un bien colectivo amplísimo, en un orden elevado de intereses nacionales, y cual es solicitado empeñosamente por todos los que están al frente del movimiento cultural que se observa en España<sup>71</sup>.

En concreto, salienta as decenas de centros educativos que os inmigrantes estaban a construír no territorio galego<sup>72</sup> a espello do modelo escolar arxentino. En especial, o da *Unión Hispano-Americana Valle Miñor*, no que participou tan activamente como asesor pedagóxico, e ao que se refire en numerosas ocasións. A obra dos galegos inmigrantes era, sobre todo, a aposta pola modernidade e a emancipación a través da cultura:

La escuela surge en Galicia, obra del amor y del patriotismo de unas buenas almas que saben de cuanto es capaz la cultura personal en la conquista del bien, de la riqueza y de la libertad. Y eso quieren para sus hermanos, para los

esclavos del surco y de la yunta, que constantemente aspiran a nuevas direcciones de vida, sin prejuicios morales ni tradicionales e irredentes servilismos; aspiran a que la tierra de sus añoranzas, se afirme una mayor elevación política y económica en un más elevado exponente de instrucción popular<sup>73</sup>.

E gaba o carácter innovador, progresista, liberal e solidario das iniciativas dos inmigrantes aquén mar, para subliñar a ruptura da nova escola galega coas sombras do ensino tradicional que eles mesmos padeceron antes de embarcar. Unha escola onde imperaba o dogmatismo relixioso, a ausencia de métodos pedagóxicos e o abandono administrativo:

La obra comenzada, inicial, en un rincón cualquiera de Galicia, irradió entusiasmos, la emulación cundió, y el patriotismo, en dispersas agrupaciones, realizó el milagro de la escuela hispanoamericana en todo el solar gallego, que rompiendo los viejos moldes de sistemas y métodos, repudiados por el ambiente social moderno, deja que las aulas adonde concurren los futuros ciudadanos, los nuevos hombres, se inunden de aire, de luz y de vida, en plena naturaleza; escuelas taller donde se forjen almas, santuarios donde se rinda culto a la iniciativa individual y a la libertad de conciencia<sup>74</sup>.

Ares de Parga recoñece con orgullo a capacidade dos seus conterráneos para transformar en positivo as propias carencias persoais; para convertelas en progreso e benestar mediante unha voluntariosa aprendizaxe e, ao mesmo tempo, salienta a súa vontade para transcender o logro individual converténdoo, mediante a organización colectiva, en obras dunha inmensa significación altruísta:

La obra espiritual de los gallegos ausentes en la conjunción de afectos hispanoamericanos, cual su eficaz empeño a favor del reconocimiento de los elevados y desconocidos valores que atesora Galicia y la perenne afirmación de sentimientos patrióticos, no son dignas de tenerse en cuenta, por no ser cotizables a precio alguno en el vil mercado de irreductibles egoísmos<sup>75</sup>.

E observa que a colaboración positiva e eficaz que emprenderan os emigrados a prol da renovación cultural da sociedade mediante a creación de escolas era unha “obra espiritual que debería redundar en el desarrollo de las fuentes de producción, el fomento de las industrias, la amplitud comercial, la progresiva extensión agrícola y, en general, todo lo que afecta al orden económico y financiero de la nación”<sup>76</sup>.

## EDUCACIÓN DE ADULTOS

Seguindo o modelo institucionista, Ares de Parga defende a aprendizaxe nun medio social activo, no que un conxunto heteroxéneo de forzas está a influír constantemente na autoeducación do individuo. Así e todo, o máis normal era chegar á idade adulta sen o nivel de instrución necesario para acadar, en palabras do pedagogo, “la conquista del vivir”<sup>77</sup>. A causa non era outra que “la inconsciencia en el tra-

bajo rutinario, que no da alicientes ni estímulo alguno al que no posee todas aquellas condiciones y aptitudes morales que caracterizan al hombre y al ciudadano, y que la escuela procura dar en forma adecuada y amplia”. Nese caso, unha das alternativas propostas era a educación de adultos.

Ares de Parga amosa unha preocupación por este asunto –que influía dun xeito tan decisivo na integración dos galegos en América– porque vive próximo ás penurias padecidas por centos de conterráneos que como el embarcaron un día en busca de acomodo nunha terra estraña. Así, mentres a súa preparación intelectual propiciou un rápido acubillo, chegando incluso a ocupar postos destacados na escala social arxentina, unha inmensa maioría de compatriotas chegaba completamente desvalido: “La inmigración obrera es completamente analfabeta –‘analfabetismo escolar’,– con absoluto desconocimiento del país, del idioma, de las costumbres y aún de lo más esencial para el trabajo remunerador y para la lucha activa”, condenada a ocupar os postos máis baixos, nos que permanecía sen remedio debido ás múltiples carencias. Con todo, era consciente de que a cualificación implicaba traballo, e isto representaba un factor decisivo na integración do inmigrante, un asunto que el define “de capital importancia política”. Por iso, a denominada ‘nacionalización del extranjero’, entendida como a súa asimilación sociocultural, debía afrontarse creando programas adecuados de educación de adultos, un ámbito de traballo polo que amosou unha especial sensibilidade.



Ignacio Ares de Parga.

Ares de Parga analiza esta alternativa desde unha dobre vertente: “en un país que está completando su formación merced al poderoso contingente de elementos heterogéneos –de razas, costumbres e idiomas diversos– por medio de la inmigración”, a escola de adultos exerce dúas funcións: unha política e outra social.

Desde a vertente política, a educación supuña a base do desenvolvemento, e os responsables da organización do Estado eran conscientes de que a estabilidade, un dos factores do progreso, camiñaba parella ao nivel de instrución da poboación traballadora. Por iso, Ares de Parga insiste en que para garantir a estabilidade e o progreso “hay que solucionar el regenerador problema de la cultura moral e intelectual de la juventud que concurre a fábricas y talleres, y que por una u otra causa no adquirió el mínimo de instrucción en la escuela primaria”.

Desde a vertente social, ao pedagogo preocúpalle que a falta de instrución permita a explotación laboral do obreiro non cualificado, por iso é preciso “sustraer de la esclavitud de la ignorancia que aplasta o de la corrupción que aniquila, a millares de jóvenes, arrojados al taller y a la vida en completa desnudez intelectual”.

Desde a vertente social, ao pedagogo preocúpalle que a falta de instrucción permita a explotación laboral do obreiro non cualificado, por iso é preciso “sustraer de la esclavitud de la ignorancia que aplasta o de la corrupción que aniquila, a millares de jóvenes, arrojados al taller y a la vida en completa desnudez intelectual”.

tual” e a tantos outros que a incultura empuxa cara á práctica “de vicios atávicos que les impele a degeneración progresiva y a los que desenvuelven su acción moral en ambiente de rutina e instintos materiales”. O sistema educativo arxentino aseguraba a educación dos mozos e mozas –e non sempre– até os 12 anos, o que non garantía unha completa formación para unha total independencia. Para atallar este problema, que na Arxentina finisecular experimentaba índices preocupantes –ao que hai que engadir a heteroxénea riada migratoria e a falta de instrución da poboación indíxena–, propón crear un número suficiente de escolas de adultos, “en cuyas bancas se sienten los jóvenes en plena florescencia de vida, y hombres aleccionados ya por dolorosas experiencias de la estrechez o de la miseria”<sup>78</sup>. Unha preocupación que soubo trasladar ás dependencias do Val Miñor, onde se acabaron por crear diferentes obradoiros. Eladio Ferreiro aseguraba en 1918: “el progreso científico e industrial de un pueblo se asienta en el grado de preparación técnica de sus habitantes”<sup>79</sup>.

Eran centros nos que debía primar o carácter popular, sendo interesante a concorrencia das propias familias dos alumnos; recomenda explicacións sinxelas e amenas, porque “sólo se escucha con gusto lo que verdaderamente interesa”<sup>80</sup> evitando, dese xeito “el lenguaje ampuloso, erizado de vocablos raros y rebuscados. Por iso, seguindo tamén esta sensibilidade, iníciáanse no Val Miñor, a comezo dos anos vinte, diferentes obradoiros de imprenta, zapatería, xastrería, fotografía, mecanografía e electromecánica, que se uniron aos que xa había de agricultura e gandería. Tratábase, en calquera dos casos, de enriquecer a mente dos concorrentes con coñecementos útiles para a súa vida diaria, favorecer as súas relacións e ampliar as súas capacidades:

Verdaderos centros de instrucción y orientación del obrero, donde, como descanso a la fatiga corporal, halle la mente gratas recreaciones, mientras se cultiva el espíritu y se despiertan nuevas emulaciones de amor al trabajo, al progreso, a la felicidad individual y colectiva: centros de cultura social, donde más que ‘hacer’ hay que ‘reformar’, corrigiendo hábitos y despertando energías adormecidas por inveterada inacción intelectual<sup>81</sup>.

Ignacio Ares de Parga reivindicou na súa obra a necesidade de acometer diversas reformas pedagóxicas en Galicia para favorecer a transformación dunha sociedade estancada e falta de estímulos. Defendeu, en fin, a necesidade de universalizar e democratizar a educación popular, estendéndoa até as capas máis desfavorecidas da sociedade. Preconizou unha educación integral, racional, neutra, positiva e utilitaria, na que a escola había semellar un laboratorio de acción persoal constante, nun clima de tolerancia e liberdade. E convidou ao conxunto da sociedade a implicarse nese proceso de cambio, a imaxe das ligas educativas de Francia e Bélxica e das sociedades cooperadoras da Arxentina. E moitos dos seu froitos foron recollidos, sen dúbida, na Escola Americana do Val Miñor. A través do seu pensamento, que tentamos deixar aquí plasmado, loitou por facer realidade unha frase universal do seu admirado Sarmiento: “Homes, pobo, nación, porvir: todo está nos bancos humildes da escola”.



## NOTAS

- 1 ARES DE PARGA, I.: *La Escuela Argentina. Puntos de vista educacionales*. Buenos Aires, Asilo de Huérfanos, 1912. Tal e como el mesmo define esta obra, “más que un trabajo de fondo y de análisis, hay en estos breves apuntes un resumen de la labor docente y de la acción educativa que realiza la escuela argentina como factor primordial de progreso en todos los órdenes de la vida pública, y que aspira, con derecho inalienable, al primer puesto en la avanzada de todas las fuerzas vivas del país \_a expensas de su libertad dignificante\_ en plena obra de trabajo fecundo, a la conquista del porvenir”. A obra consta de catro capítulos: “declaraciones constitucionales”, “educación primaria”, “las escuelas de adultos” e “dignificación docente”, e neles Ares de Parga recolle de xeito esclarecedor, malia a súa brevidade, o panorama arxentino da época e amosa, ao mesmo tempo, algunhas das liñas que definen o seu ideario pedagóxico.
- 2 Véxase: “Ignacio Ares de Parga e a educación democrática” no nº 3 desta revista, pp. 97-114.
- 3 Citamos os títulos que alí publicou: “¿Cómo se obró el milagro?” (nº 26, 1/11/1911, pp. 4-5.), “Afirmando propósitos. Ecos de un Congreso pedagógico” (nº 28, 1/1/1912, p. 2.), “La función social de la escuela” (nº 30, 1/3/1912, p. 4.), “Protección a la niñez” (nº 31, 1/4/1912, pp. 4-6.), “Difusión de cultura. La cooperación popular” (nº 33, 1/6/1912.), “Cultura pública. La cooperación popular” (nº 36, 1/9/1912, p. 6), “Hacia la escuela neutra” (nº 39, 1/12/1912.), “La escuela neutra” (nº 42, 1/3/1913.), “La crónica escolar” (nº 46, 1/7/1913, p. 2.), “Un verano en Galicia” (nº 46, 1/7/1913, p. 11), “Inversión del laicismo” (nº 47, 1/8/1913, p. 5.), “La escuela argentina” (nº 49, 1/10/1913, pp. 2-3.), “Cooperación educacional. Disciplina escolar” (nº 53 1/2/1914.), “Informe a la C.D. Análisis de la nota del Sr. W. Reque” (nº 54, 1/3/1914, pp. 7-8), “Pro educación. La cooperación popular” (nº 58, 1/7/1914 p. 2.), “Paradoxal. La fiesta del árbol” (nº 61, 1/10/1914, p. 4), “Enseñanza industrial” (nº 62, 1/11/1914, pp. 7-8), “Institución Libre de Enseñanza” (nº 66, 1/3/1915, pp. 2-3), “Cuestiones galaico-institucionales” (nº 74, 1/11/1915, pp. 4-5), “Congreso del niño” (nº 83, 1/8/1915, p. 2-3).
- 4 Ademais, tamén aparecen traballos sobre outros temas nos xornais e revistas da emigración galega e a peninsular, como a revista España, portavoz da Asociación Patriótica Española, que máis tarde aparece coa cabeceira *Hispania*. Ou noutras publicacións como *Diario Español*, *Nova Galicia*, *Suevia*, *Revista gallega regionalista*, *Acción Gallega*, *revista oficial de Casa de Galicia*; no semanario *Correo de Galicia*, que dirixía o seu amigo José R. Lence; Tamén en *Galicia Ilustrada*, *La Iberia*, ou en xornais galegos como La Zarpa.
- 5 ARES DE PARGA, I.: *Op. Cit.*, 1912, p. 12.
- 6 ARES DE PARGA, I.: “La función social de la escuela”. *Boletín da Unión Hispano-Americana Pro Valle Miñor* (en diante UHAVM) nº 30, marzo de 1912, p. 4.
- 7 ARES DE PARGA, I.: “Ecos de un Congreso pedagógico”. *Boletín da UHAVM* nº 28, xaneiro 1912, p. 7.
- 8 ARES DE PARGA, I.: *Op. Cit.*, 1912, p. 55.
- 9 *Ibid.*, p. 11.
- 10 VILANOVA RODRÍGUEZ, A.: *Los gallegos en la Argentina*. Tomo 2. Bos Aires, Ediciones Galicia, 1966, p. 1145.
- 11 *Boletín da UHAVM* nº 12, setembro de 1910, p. 3.
- 12 Citado polo profesor Costa Rico, quen tamén se ocupou do pedagogo no seu traballo “Ignacio Ares de Parga e ‘As Escolas dos Americanos’ en Galicia”. *Pontevedra. Revista de estudios provinciales*, nº 15, 2000, pp. 145-156. Véxase tamén, do mesmo autor: *Escolas e Mestres*. Santiago, Servicio Central de Publicacións da Consellería da Presidencia e Administración Pública, 1989, pp. 201-209.
- 13 ARES DE PARGA, I.: *Op. Cit.*, 1912, pp. 12-13.
- 14 ARES DE PARGA, I.: *Op. Cit.*, marzo de 1915, pp. 2-3.
- 15 ARES DE PARGA, I.: *Op. Cit.*, 1912, p. 11.
- 16 ARES DE PARGA, I.: “Disciplina escolar”. *Boletín da UHAVM* nº 53, febreiro de 1914, p. 3.
- 17 *Ibidem*.
- 18 ARES DE PARGA, I.: *Op. Cit.*, 1912, p. 37.
- 19 “Batallones escolares”. *Boletín* nº 25, outubro de 1911, p. 1.
- 20 “Memoria”. *Boletín* nº 119, agosto de 1919, p. 4.
- 21 FERREIRO, E.: “Memoria del Director de la Escuela”. *Boletín* nº 32, maio de 1912, p. 12.
- 22 ARES DE PARGA, I.: “La escuela argentina”. *Boletín UHAVM*, nº 49, outubro de 1913, p. 2.
- 23 ARES DE PARGA, I.: “Inversión del laicismo”. *Boletín UHAVM*, nº 47, agosto de 1913, p. 5.

- 24 ARES DE PARGA, I.: *Op. Cit.*, outubro de 1913, p. 2.
- 25 Non obstante, co fin de non caer no perigo de dogmatizar o laicismo advirte: "para los que tratan de encubrir con monto laico, propósitos de acometividad 'versus religionem', cometen un gravísimo error y un abominable contrasentido. A estos centros de 'cultura' déseles su verdadera denominación: 'Escuelas sectarias'. Y no hablen de libertad de pensamiento quienes atentan al libre pensar de los demás". Ver *Op. Cit.*, agosto de 1913, p. 5.
- 26 Como indica Posada, a filosofía de Krause descansa no recoñecemento dunha vocación moral da humanidade que consiste en traballar dun xeito espontáneo e autónomo na transformación e perfección da sociedade humana sobre a terra. Véxase, Posada, A.: *Breve historia del krausismo español*. Universidade de Oviedo, Oviedo, 1981, p. 43. Nun plano máis pedagóxico, Krause achéganos unha fermosa descrición do que para el sería a figura do docente, que, na apreciación de Álvarez Lázaro, asocia explicitamente á persoa real de Pestalozzi: "La primera exigencia de un instituto educativo es que lo presida un hombre que esté empapado de la dignidad de la Humanidad, que esté embebido del sentimiento de la excelencia de su tarea, que ame y cuide a los niños como un verdadero padre, que viva entre ellos y con ellos, que se alegre con sus alegrías y comparta humanamente sus penas, que les ilumine mediante el ejemplo de su propia vida intachablemente moral, que les enseñe lo que significa ser un hombre bueno a través del continuo trato lleno de amor con ellos, en verdad y con obras, más que con la sola palabra". Cita tomada de ÁLVAREZ LÁZARO, P.: "Bases pedagógicas de la Institución Libre de Enseñanza", en BIAGINI, H. (Comp.): *Orígenes de la democracia argentina. El trasfondo krausista*. Bos Aires, Fundación Friedrich Ebert, 1989, p. 116.
- 27 ARES DE PARGA, I.: *Op. Cit.*, marzo de 1915, p. 3.
- 28 ARES DE PARGA, I.: *Op. Cit.*, 1912, p. 59.
- 29 *Ibid.*, p. 30.
- 30 ARES DE PARGA, I.: *Op. Cit.*, 1912, p. 37.
- 31 ARES DE PARGA, I.: *Op. Cit.*, febreiro de 1914, p. 4.
- 32 A cursiva é do autor.
- 33 ARES DE PARGA, I.: *Op. Cit.*, 1912, pp. 33-34.
- 34 *Ibid.*, p. 115.
- 35 ARES DE PARGA, I.: *Op. Cit.*, 1912, p. 53.
- 36 *Ibid.*, p. 87.
- 37 Sirva como exemplo a publicación de diversos traballos didácticos sobre cálculo aritmético para comprobar a súa preocupación por aplicar de xeito práctico os coñecementos adquiridos e contribuír así á solución de problemas cotiás. Véxase, *El Monitor de la Educación Común*, nº 353 e 356.
- 38 ARES DE PARGA, I.: "La crónica escolar. (Carta abierta) al Sr. Director de la 'Escuela Americana'". *Boletín da UHAVM* nº 46, xuño de 1913, p. 2.
- 39 respectando a expresión do autor.
- 40 A escola Sarmiento, como tamén a Escola Roca ou a Escola Quintana, eran centros modélicos onde o Consello Nacional de Educación puña en práctica os seus ensaios pedagóxicos. Tentaban ser o paradigma do sistema educativo arxentino a principios do século XX, representando "indicaciones magníficas del aprecio que Buenos Aires tiene por la enseñanza". Véxase, POSADA, A.: *La República Argentina. Impresiones y comentarios*. Madrid, Librería de Victoriano Suárez, 1912, p. 47.
- 41 ARES DE PARGA, I.: *Op. Cit.*, 1912, p. 54.
- 42 ARES DE PARGA, I.: *Op. Cit.*, 1912, p. 18.
- 43 *Ibid.*, p. 32.
- 44 ARES DE PARGA, I.: *Op. Cit.*, abril de 1912, p. 4.
- 45 ARES DE PARGA, I.: *Op. Cit.*, 1912, pp. 31-32.
- 46 *Ibid.*, p. 41.
- 47 *Ibid.*, p. 45.
- 48 ARES DE PARGA, I.: "Informe a la C.D. Análisis de la nota del Sr. W. Requejo". *Boletín da UHAVM* nº 54
- 49 ARES DE PARGA, I.: *Op. Cit.*, 1912, p. 12.
- 50 *Ibidem*.
- 51 ARES DE PARGA, I.: *Op. Cit.*, febreiro de 1914, p. 4.
- 52 ARES DE PARGA, I.: *Op. Cit.*, 1912, p. 58.
- 53 ARES DE PARGA, I.: *Op. Cit.*, febreiro de 1914, p. 4.
- 54 ARES DE PARGA, I.: *Op. Cit.*, 1912, p. 97.

- 55 Pon como exemplos a asociación de protección mutua “El Magisterio”, creada en 1896 a iniciativa dun grupo de mestres da capital bonaerense “con el fin de propender a nuestro engrandecimiento moral y material”; a “Asociación Pro-Maestros de Escuela”, ou a “Asociación Nacional del Profesorado”. Ver. *Op. Cit.*, 1912, pp. 97-105.
- 56 ARES DE PARGA, I.: *Op. Cit.*, 1912, p. 101.
- 57 ARES DE PARGA, I.: *Op. Cit.*, 1912, p. 60.
- 58 *Ibid.*, p. 84.
- 59 *Ibid.*, p. 59.
- 60 Ares de Parga publicou varios traballos, xa mencionados, de orientación didáctica sobre cálculos aritméticos. En concreto, “La regla del diamante. (Programa de 6º Grado)” e “La regla del diamante. Programa de 6º Grado”, en *El Monitor de la Educación Común*, n° 353, pp. 911-913. e n° 356, pp. 710-712 de xullo e outubro de 1902 respectivamente.
- 61 ARES DE PARGA, I.: *Op. Cit.*, 1912, p. 84.
- 62 *Ibid.*, p. 61.
- 63 A cursiva é do autor.
- 64 ARES DE PARGA, I.: *Op. Cit.*, 1912, p. 94.
- 65 ARES DE PARGA, I.: *Op. Cit.*, marzo de 1912, p. 5.
- 66 Contra 1890, existía unha grande cantidade de colonias espalladas por todas as provincias. A colonización da terra difundiu a pequena e mediana propiedade facendo xurdir, ao seu abeiro, o interese das organizacións de pequenos e medianos propietarios pola educación e a cultura. E así foi como xurdiu un número importante de escolas privadas a cargo das colectividades e das organizacións mutuais e gremiais, como se crearon e expandiron as entidades populares destinadas á difusión cultural, emparentadas co antigo modelo das sociedades económicas de amigos do país, e como se operou o desenvolvemento de elementos político-culturais democráticos dentro da trama social. Ver: *Sujetos, disciplina y curriculum en los orígenes del sistema educativo argentino (1885-1916)*. Bos Aires, Editorial Galerna, 1990, p. 103.
- 67 Na revista *El Monitor de la Educación Común*, editada polo Consello Nacional de Educación, aparece a referencia de varias entidades promotoras da educación: a *Asociación Cooperadora de la Educación* tiña como fins “ayudar a los niños indigentes para que concurren a la escuela, establecer escuelas dominicales y nocturnas para adultos de ambos sexos, y propender a la formación de museos y bibliotecas escolares y públicas”, Véxase *El Monitor de la Educación Común*, n° 355, 31/09/1902, p. 860; a denominada *Protección a la niñez*, “formada por el personal docente [del distrito 12] y por beneméritos vecinos” dicía ter prestado “un señalado servicio a la instrucción pública”, porque ademais de distribuír entre os nenos pobres roupas e alimentos, “ha conseguido llevar a la escuela a 339 niños, que sin esto no hubieran concurrido”, Ver *El Monitor de la Educación Común*, n° 356, 31/10/1902, p. 918.
- 68 ARES DE PARGA, I.: *Op. Cit.*, marzo de 1912, p. 6.
- 69 “Casa de Galicia”, n° 699, 12/10/19.
- 70 ARES DE PARGA, I.: *Op. Cit.*, marzo de 1912, p. 6.
- 71 ARES DE PARGA, I.: “Difusión de la cultura. La cooperación popular” *Boletín da UHAVM* n° 33, xuño de 1912, p. 3.
- 72 Contra 1912, ano en que se data o traballo publicado no *Boletín da UHAVM*, ao que pertence este parágrafo, existían varias decenas de sociedades de emigrantes dedicadas á atención mutualista, recreativa e educativa.
- 73 ARES DE PARGA, I.: *Op. Cit.*, xullo de 1914.
- 74 ARES DE PARGA, I.: “Cuestiones galaico-educacionales”. *Nova Galicia*, n° 472, 2/10/1915.
- 75 ARES DE PARGA, I.: “Los indios”. *Galicia Ilustrada* n° 41, Habana, 7 de outubro de 1922.
- 76 ARES DE PARGA, I.: *Op. Cit.*, xuño de 1912, p. 4.
- 77 ARES DE PARGA, I.: *Op. Cit.*, 1912, p. 79.
- 78 ARES DE PARGA, I.: *Op. Cit.*, 1912, p. 75.
- 79 BASANTA, J.: *Op. Cit.*, marzo de 1923, pp. 5-6.
- 80 *Ibid.*, p. 83.
- 81 *Ibid.*, p. 82.

